



Concello de  
**OURENSE**  
Urbanismo

SERVIZO DE PLANEAMENTO E XESTIÓN URBANÍSTICA  
NEGOCIADO DE PLANEAMENTO URBANISTICO

Rúa García Mosquera, núm.19

32005 – Ourense

Tel. 988388104

**Cod. Exp. 2011002613**

**Asunto:** Inclusión de sentenza 00596/2016 de seis de outubro de 2016 ditada en procedemento ordinario 0004523/2011, no apartado de “TRANSPARENCIA”

**Destinatario:** PAXINA WEB MUNICIPAL

**DILIXENCIA:**

Rogo se inclúa no apartado de TRANSPARENCIA: “A. Transparencia Activa e Informacións sobre a Corporación Municipal” – “PUBLICIDADE ACTIVA SOBRE OS ÓRGANOS DE GOBERNO MUNICIPAIS, INFORME E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS” – “20. Resolucións xudiciais que afectan ao Concello” o anuncio que se achega.

Ourense a 15 de maio de 2017  
O XEFE DO SERVIZO EN FUNCIÓNS  
(P.D. Decreto 2017000153 do 12 de xaneiro)  
Asdo. José Manuel Oliver Rivera



**Cod. Exp. 2011002613**

**TEXTO:**

Anuncio polo que se lle da publicidade á parte dispositiva da sentenza 00596/2016, de seis de outubro de 2016, pronunciada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Visto pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o procedemento ordinario 4523/2011 en relación co Decreto 187/2011 da Xunta de Galicia, de 29 de setembro, polo que se suspende parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense e aprobase a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, interposto por D. Eduardo Vázquez González e outros, se ditou sentenza 00596/2016, de seis de outubro, pola que estimase o recurso contencioso-administrativo interposto.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 72 e 107 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e co fin de levar a puro e debido efecto a dita sentenza, resolvese dar publicidade a su parte dispositiva, que a seguir se transcribe:

“FALLAMOS que debemos estimar e estimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Eduardo Vázquez González, D. Manuel Cantón Rodríguez, Dna. Soledad Gómez Cid, D. Manuel Meno Salgado, Dna María Cabera García, D. Eladio Pérez Pérez, D. Manuel Corral Pereira, D. Adolfo Corral Martínez, D. José Corral Rivera, Dna. Nieves Corral Martínez, Dna. Dolores Ferreiro Corral, D. Amando Iglesias Moure, Dna. Sara María Cardama Corral, Dna. María Corral Pereira, D. José Pavón Iglesias, Dna. Peregrina Conde Corral, Dna. Milagros Ferreiro Corral, D. José Ramón Pérez Travieso e D. Bernardo Corral Pérez, contra Decreto 187/2011 de 29 de setembro, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, que acordou suspender parcialmente a vixencia do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ourense e aprobar a Ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento e conforme ao instado anular o referido Decreto 187/2011, no concernente á ordenación urbanística provisional dos ámbitos de iniciativa privada AR-11-E; AR-14-E; AR-20-E; AR-36-E; AR-46-E; AR-06-b-N; AR-13-N; AR-16-N; AR-38-N; AR-40-b-N; AR-43-N; AR-14-b-O; AR-16-O; AR-40-O e SURBZ08-C; sen facer especial condena en costas.

Contra esta sentenza cabe interpor, ben ante o Tribunal Supremo, ben ante a correspondente Sección desta Sala, o recurso de casación previsto no artigo 86 da Lei xurisdiccional, que haberá de prepararse mediante escrito a presentar nesta Sala no prazo de trinta días e cumprindo os requisitos indicados no artigo 89.2 de dita Lei.”

Así mesmo a sección segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditou auto no senso de inadmitir a trámite o recurso de casación núm. 124/2016 preparado pola Xunta de Galicia e o Concello de Ourense contra a sentenza 00596/2016, de seis de outubro de 2016, pronunciada pola Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ourense, 15 de maio de 2017  
O ALCALDE-PRESIDENTE  
Asdo. Jesús Vázquez Abad